



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

No Diario Oficial de Galicia de 29 de decembro de 2003 foi publicada a Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas. No Capítulo I (Función pública) do Título II, fanse unha serie modificacións a distintas leis que atinxen ás condicións laborais e aos dereitos dos funcionarios e funcionarias da administración pública.

No Iº Convenio Colectivo da Universidade de Vigo, no Capítulo VIII, Vacacións, permisos e licencias, dise: “Serán de aplicación, nesta materia, as condicións máis beneficiosas que teñan recoñecido ou se lle recoñezan ao persoal funcionario”.

Sendo un feito que dita Lei mellora algúns dos aspectos negociados no vixente Convenio e en cumprimento do pactado, o Comité Intercentros, no Pleno celebrado o día 15 de xuño, acordou solicitar á xerencia que Vde. dirixe que tome as medidas oportunas para facer saber a tódolos traballadores e traballadoras con contrato laboral que os dereitos recollidos en dita Lei tamén lle son de aplicación.

Este Órgano de representación utilizará, así mesmo, os medios que considere oportunos para dar a coñecer estes cambios aos seus representados.

Ourense 28 de xuño de 2004

O VICEPRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Rodrigo Alberte Pivida

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO